

Querida Ana:

Non puíden durmir en toda a noite pensando que acabáramos. Quérote e iso non vai cambiar, pero, aínda que sen tí o tempo pésame coma unha rocha e a mesma existencia preséntaseme imposible, o único que quero e que sexas feliz.

Non chorarei, non chorarei porque o que tivemos foi real. Foi real e é o que me queda. Este non é o tipo de lugar apropiado para pensar en tí, nin moito menos para escribírtelo esta carta, pero séntome tan mal, coma se estivese baixo os vertedoiros, coma se me deixaran coa sucidade...

Aínda teño un par de cousas ao meu lado. Os recordos que sempre volven no momento inadecuado, e a certeza de que me amas e ese amor será correspondido toda a túa vida.

Ana, díxechesme que quitara o esparadrápalo do tirón, non a cachíños, que se quería cortar contigo que o fixera de contado. Non me deu tempo a explicarme, quérote e quero pasar todas as horas que estea esperto contigo, quero ver o atardecer ó teu carón e que fiquemos xuntos nunha mesma dirección. Pero díxeches que había acabado, que podía irme á casa, que había acabado...definitivamente.

Non vou darche razóns para escusar o que fixen porque non teño ningunha, non hai razón de peso que leve a un home a abandonar á súa vida como o fixen...pero quero recordar, quero recordarte e que saibas que se a vergoña e a culpa tiveran unha cara esa sería a miña...

Así que esquecendo este burato negro no que estou sumido e centrarme en tí, e en todo o que significas para min. Con todo iso é dicir...

*¡Qué bonito! ¡Qué bonito!
¿Sabes de qué me acordó?*

Unha rapaza, non nena aínda non muller, dun metro e medio de altura correndo baixo a neve de Moscú. As súas pisadas eran tan pequenas que poderías pensar que dunha meniña de nove anos son, máis non, uns dez máis, e tiña tanto frío que o seu nariz estaba máis vermello ca o do reno Rudolph. Vermella. Así a chamo eu. Vermella levaba un abrigo vermello, unhas botas de auga vermellas e uns pantalóns de pseudo coro vermellos. Os seus beizos estaban pintados de vermello.

¡Qué bonito! ¡Qué bonito!

Vermella espértase ás doce do mediodía ou máis tarde e xa galopa a vestirse e saír á rúa. “Rusia é moi grande” díciame “non verás nada se quedas aí sentado coma un pau vello”. Dí que comeremos na “dacha” dun amigo.

Vermella corre e baila sobre a neve, camiña e baila sobre o xeo. Os seus ollos parecen máis verdes do normal e Lobo sabe que é a felicidade. Lobo. Así me chama ela. Ela quen iría descalza se non puidera coller un gripazo de pai e moi señor meu.

Vermella lee libros de Máximo Gorkí. Lobo lee poemas de Walt Whitman.

Vermella ten soños de grandeza, Lobo dílle que o día menos pensado quedará durmida e soño e realidade serán un.

Oh, parece coma se Vermella deben ser as nubes nos ollos de Lobo.

¡Oh, nunca había saboreado tanto a liberdade!

¡Oh, nunca había estado tan cerca da xustiza!

Vermella cantaba o himno da Unión Soviética coma se de paxaro de tratase e esquecera que máis de dez anos pasaran que ese país non existía.

¡Qué bonito que bonito!

¿Sabes de qué me acordo?

Que non fai falla a neve, o xeo ou o frío para dicirlle a Vermella que a quero. Vermella. Así chámote eu.

Por tí volvería a Moscú se así o quixeras, ou a China, ou a Cuba, ou a Lúa con tal de ver como os teus ollos bríllan cando pronuncias o sorriso. Tiña dúbidas, pero extravíanse cando recórdoche camiñando cara mín, con ese velo tan longo, centenares de ollos mirando e ese momento en que só existíamos os dous. Así que non hai excusas. O noso non ha acabado. Finito. A elección queda nas túas mans, sempre tan quentes coma suaves. Mans que parecías bolboretas. Has cambiado a miña vida. ¿Sabíalo?

Eu tamén quero ver a Bandera Vermella, coma tí. Pero quero vela reflectida nos teus ollos. Quero ver caer os copos de neve no teu pelo. Quero bailar na Praza Vermella. Quero que me biques no xeo. Quero pasar horas rindo e bebendo vodka contigo. Quero...

Supoño que mentín cando te dixeran que non vín nada bonito antes de emigrar. Mentira. Sí vín algo bonito. Algo digno de fotografar e mandálo coma postal. Vínche despedíndote de mín.

Pero agora tí estas no tren e eu me despido.

Ata sempre e sempre teu,

Antoni Van Lounaíd